



# CONTROL DE ESFÍNTERES SINAIS DE ALARMA

Co inicio do segundo ciclo de infantil, papás, mamás, mestres e mestras...estamos moi preocupados para “chegar a tempo” coa retirada do cueiro, pero como xa sabemos, o control de esfínteres é un proceso complexo no se que se ven implicados aspectos motores, sensoriais, cognitivos, comunicativos e da contorna entre outros.

En ocasións, pode acontecer que unha crianza non esté preparada para deixar o cueiro, sendo as bandeiras vermellas que nos indican que non todo está acontecendo como debera....

- o neno ou a nena rexeita sentarse no wc ou no ouriñal.
- cada vez que hai que cambiar o cueiro protesta, chora ou é preciso entretelo ou entretela.
- temos que empregar premios para que acceda a sentarse no wc ou ouriñal.
- senta no ouriñal ou no wc, mas nunca consegue facer pis ou caca, cando se levanta, faino no chan ou xa na roupa.
- nunca avisa de ter o cueiro sucio ou mollado, ou mesmo si se lle pregunta sempre di que está limpo.
- non está comfortable no wc ou no ouriñal, o seu corpo está ríxido, procura estar agarrado ou tense que levantar rápidamente.
- fai pis no wc ou no ouriñal, pero a caca faina sempre no cueiro ou na roupa.
- ten algún ritual específico para facer a caca: de pé, nun sitio concreto da casa, escondido ou escondida...pero nunca no cuarto de baño.

## ¿QUE PODEMOS FACER?

- Comprender e respectar os ritmos de cada crianza.
- Facilitar oportunidades de aprendizaxe nun contexto tranquilo e sen presións.
- Evitar recompensas e castigos.
- Acodir ao profesional de referencia de Atención Temperá.

